

- Sobre os incalculables trillóns de billóns de millóns de moléculas imperceptibles contidas por cohesión de afinidade molecular nunha soa cabeza de alfinete: sobre dos universos do soro humano constelado de corpúsculos vermellos e brancos, a súa vez universos de espacio baleiro constelado doutros corpos, cada un sendo, en continuidade, un universo de corpos compoñentes divisibles, cada un dos cales a súa vez voltaba ser divisible en divisións de corpos compoñentes redivisibles, disminuindo cada vez máis os dividendos e divisores sen división efectiva ata que, se se lle levara suficientemente adiante o proceso, non se chegaría a nada en ningún sitio.

¿ Por qué non elaborou eses cálculos ata un resultado máis preciso ?

Porque uns anos antes, en 1886 cando se ocupaba do problema da cuadratura do círculo, chegara a saber a existencia dun número calculado ata un grao relativo de exactitude, coma de tal magnitude e de tantas cifras, por exemplo, a novena potencia da novena potencia de 9, que, obtido o resultado, 33 volumes de letra apertada cada cal con 1.000 páxinas de innumerables pregos e resmas de papel biblia terían que ser requisiónados para conter a conta completa dos seus enteiros impresos en unidades, decenas, centenas, millares, decenas de millares, centenas de millares, millóns, decenas de millóns, centenas de millóns, billóns, contendo sucintamente o núcleo da nebulosa de cada cifra de cada serie a posibilidade de ser elevada á máxima elaboración cinética de calquera potencia de calquera das súas potencias